

TESOURO

É Tomás Barros un autor que verteбра co seu verso toda unha época de desamparo poético -a da posguerra- por máis que, a día de hoxe, estea inxustamente esquecido a falta dunha reedición que nos permita tomar contacto coa súa obra. Neste sentido, *O primeiro Tomás Barros* -volume ó coidado de María América Díaz e de Isaac Díaz Pardo, curmán e custodio dos primeiros textos de Barros- fornécenos duns materiais adecuados para ir iniciando ese reencontro a través dos versos iniciais, do teatral *Monólogo de la forma* e dos trinta sonetos do poemario inédito *Espantapájaros*, ilustrado por Díaz Pardo. En definitiva, un tesouro que nos guía ás orixes poéticas dunha voz esencial.

Tempos Novos, 69, febreiro 2003, p. 73